Matemáticas	Pablo Trashorras de la Fuente	Concurso matmonólogos	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Matemáticas	Pablo Trashorras de la Fuente	Concurso fotografía matemática	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Matemáticas	Pablo Trashorras de la Fuente	Canguro matemático	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
Matemáticas	Pablo Trashorras de la Fuente	Elaboración de Esopías	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Festa de Samaín	Primeiro trimestre	Vestíbulo e salón de actos	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB

Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Roteiro pola Coruña	Primeiro trimestre	A Coruña	4º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Día da ciencia en galego	Primeiro trimestre	vestíbulo	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB, 1º CM, 2 CM, 1ºCS, 2º CS
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Festa de Nadal	Primeiro trimestre	No vestíbulos e nas aulas de 1º de ESO	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB, 1º CM, 2 CM, 1ºCS, 2º CS
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Actuación de Xoán Curiel e mural de Raquel Germade	Primeiro trimestre	Vestíbulo	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB, 1º CM, 2 CM, 1ºCS, 2º CS
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Día de Castelao	Segundo trimestre	Vestíbulo	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB, 1º CM, 2 CM, 1ºCS, 2º CS
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	A Candeloria	Segundo trimestre	Vestíbulos e aulas	1º ESO, 2º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Festa do Entroido	Segundo trimestre	Vestíbulo e aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB, 1º CM, 2 CM, 1ºCS, 2º CS
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Día de Rosalía	Segundo trimestre	Vestíbulo e aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Concurso de esopías	Segundo trimestre	Nas aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2 FPB
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Día do libro	Terceiro trimestre	Vestíbulos e aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Saída ecogranxa Labrecos	Terceiro trimestre	Oza-Cesuras	1º ESO

Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Día da Lusofonía	Terceiro trimestre	Vestíbulo e aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Semana das Letras	Terceiro trimestre	Vestíbulo, patio, aulas	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Saída a Santiago	Terceiro trimestre	Santiago	4º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Certame literario Xoán Díaz	Terceiro trimestre	Concello de Cambre	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Saída polo río Mero	Terceiro trimestre	Río Mero	1º ESO
Dinamización Lingüística	Patricia Precedo Estraviz	Festa de San Xoán	Terceiro trimestre	Vestíbulo e patio cuberto	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	DIGITALWEEK	Primeiro trimestre	Antiga aldea Os Peares, Carballedo	2º ESO
INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	PROXECTOS ERASMUS	Segundo trimestre	Cambre (recepción), Turquía (viaxe a Estambul), Braga (Portugal)	3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 2º CM
INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	SPELLING BEE CONTEST	Primeiro trimestre	No Instituto (Cambre)	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	CONTACONTOS	Sen determinar	No Instituto (Cambre)	1º ESO, 2º ESO

INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	Obra de teatro / cinema en inglés	Segundo trimestre	A Coruña (cidade)	3º ESO, 4º ESO, 1º BAC
INGLÉS	Mª OLGA VARELA VÁZQUEZ	CONCURSO PARA O DESEÑO DO LOGO DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS	Primeiro trimestre	No Instituto (Cambre)	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Informática	Cristina Fernández Sampayo	Difusión da FCT (convocatoria setembro-décembro)	Primeiro trimestre	Aula FPB1/FPB2	1º FPB, 2º FPB
Informática	Cristina Fernández Sampayo	Difusión da FCT (convocatoria abril-xuño)	Terceiro trimestre	Aula FPB1	1º FPB
Francés	MIRIAM ALMUIÑA LAGO	EXCURSIÓN A CÍES	Primeiro trimestre	ILLAS CÍES (VIGO)	3º ESO, 4º ESO
Francés	MIRIAM ALMUIÑA LAGO	PELÍCULA NAPOLEÓN	Primeiro trimestre	A CORUÑA	3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Francés	MIRIAM ALMUIÑA LAGO	TEATRO EN FRANCÉS	Segundo trimestre	A CORUÑA	4º ESO, 1º BAC
Francés	MIRIAM ALMUIÑA LAGO	VIAXE A FRANCIA 1º BAC	Terceiro trimestre	FRANCIA	1º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Colaboración co Samaín (portas monstrosas, concurso de lápidas))	Primeiro trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB, 1º CM, 2º CM, 1ºCS, 2º CS

Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Roteiro pola Coruña	Sen determinar	A Coruña	4º ESO
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Actividades do Nadal	Primeiro trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Treides comigo	Primeiro trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Día de Castelao	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Celebración da Candeloria	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Celebración do entroido	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Día de Rosalía	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Concurso Esopías	Segundo trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Saída Eco-granxa Labrecos	Terceiro trimestre	Eco-granxa Labrecos	1º ESO
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Día da Lusofonía	Terceiro trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Semana das Letras Galegas	Terceiro trimestre	Centro (Salón de actos)	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC

Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Roterio polo Mero	Terceiro trimestre	Senda do Mero	1º ESO
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Encontros con escritores	Sen determinar	Salón de actos	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Saída a Santiago de Compostela	Terceiro trimestre	Santiago de Compostela	3º ESO
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Actividades San Xoán	Terceiro trimestre	Centro	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Lingua Galega	PATRICIA FUCIÑOS CALLE	Certame literario Xoán Díaz	Terceiro trimestre	Concello de Cambre	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Visita a casa das ciencias 2º ESO	Segundo trimestre	Casa das ciencias- A Coruña	2º ESO
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Charlas e talleres do CEIDA	Primeiro trimestre	No instituto	3º ESO, 4º ESO
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Visita ao CITEEC	Primeiro trimestre	UDC-Campus de Elviña	2º BAC
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Visita ao MUNCYT 3ºESO	Segundo trimestre	A Coruña	3º ESO
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Feira do ciencia no instituto	Terceiro trimestre	No instituto	2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Open Science 23	Primeiro trimestre	Parque da igrexa de Cambre	2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 2º BAC
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Día da ciencia na Rúa 24	Terceiro trimestre	No parque de Santa Margarita- A Coruña	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Cullerciencia 24	Terceiro trimestre	Paseo marítimo do Burgo-Culleredo	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO
Física e química	Isabel Ferraces Lago	Xornada de portas abertas da	Sen determinar	Facultad de Ciencias-UDC	4º ESO

		Facultade de Ciencias da UDC			
Física e química	Isabel Ferraces Lago	CIQUS (USC) e observatorio de astronomía Ramón María Aller	Sen determinar	Campus da Universidade de Santiago de Compostela	1º BAC
Latín e Grego	Susana C. Vicente Martínez	Concurso Odisea on line	Segundo trimestre	Aulas das materias do departamento	4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Latín e Grego	Susana C. Vicente Martínez	Festival de Teatro Grecolatino	Segundo trimestre	Teatro Colón A Coruña	4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Informática	Cristina Fernández Sampayo	Visita a dous museos da Coruña (MUNCYT/Domus / Casa das Ciencias / Aquarium Finisterrae)	Segundo trimestre	A Coruña	1º FPB, 2 FPB
Informática	Cristina Fernández Sampayo	Visita ao congreso FP Innova	Segundo trimestre	Cidade da Cultura (Santiago)	1º FPB, 2 FPB
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita a explotación agroecolóxica	Terceiro trimestre	Provincia de Coruña	1º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Recolección, identificación e confección de ramos de Herbas de San Xoán	Terceiro trimestre	Entorno do paseo fluvial do Río Mero	1º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	OPENSOURCE de Cambre	Primeiro trimestre	Parque da Igrexa de Cambre	2º ESO

Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	“Día da Ciencia na Rúa”	Terceiro trimestre	Parque de Santa Margarita (A Coruña)	1º ESO, 2º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Cullerciencia	Terceiro trimestre	Explanada da Ría do Burgo	1º ESO, 2º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita ao Museo de Historia Natural Luis Iglesias	Segundo trimestre	Santiago de Compostela	1º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Rutas na Natureza pola conca do Río Mero e polo entorno do encoro de Cecebre	Segundo trimestre	Entorno da conca do Río Mero e do encoro de Cecebre	1º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita a centros educativos da zona para levar mini hoteis de insectos	Primeiro trimestre	Colexios e guardería da zona	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	XVII Concurso de fotografía	Terceiro trimestre	Salón de actos do IES AFONSO X	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB, 1º CM, 2º CM, 1ºCS, 2º CS
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Conmemoracións e efemérides	Sen determinar	No vestíbulo durante os recreos	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC, 1º FPB, 2º FPB, 1º CM, 2º CM, 1ºCS, 2º CS
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Charlas doazón e transplantes de tecidos e órganos	Segundo trimestre	Salón de actos do IES	3º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita a Domus e prácticas de laboratorio	Segundo trimestre	Domus	3º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Saída a itinerario xeolóxico	Terceiro trimestre	Sin determinar	3º ESO
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita á EDAR	Primeiro trimestre	EDAR de Bens (A Coruña)	4º ESO

Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Olimpiada de Xeoloxía	Segundo trimestre	Cabo Ortegal	1º BAC, 2º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Visita ao INIBIC	Sen determinar	Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)	2º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Laboratorios Abertos da Domus	Segundo trimestre	Domus (A Coruña)	1º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Olimpiada de Bioloxía	Segundo trimestre	Sin determinar	2º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Obradoiro de Fisioterapia	Primeiro trimestre	Laboratorio Bioloxía-xeoloxía do instituto	1º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Charlas de Xenética Molecular con Anxel Carracedo	Terceiro trimestre	Salón de actos	4º ESO, 1º BAC
Bioloxía-Xeoloxía	Iván Rivera Pérez	Exposicións, saídas e obradoiros	Sen determinar	Sen determinar	1º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC
Relixión	José M. Míguez Rodríguez	Viaxe de Estudos Valencia 2024	Terceiro trimestre	Comunidade Valenciana	1º ESO, 2º ESO
Relixión	José M. Míguez Rodríguez	Congreso Lo Que De Verdad Importa	Terceiro trimestre	A Coruña	1º BAC, 2º BAC
Vicedirección	Beatriz Alonso	Excursión 4º ESO	Xuño	Gandía e Madrid	4º ESO

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113, fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico destes, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

Deste xeito considera que a biblioteca escolar pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

Dende o curso 2002-2003 a Biblioteca do I.E.S. Afonso X O Sabio pertence ao Proxecto Plan de Mellora de Biblioteca Escolares en centros públicos non universitarios (PLAMBE) da Xunta de Galicia. Por iso, a implicación do persoal docente foi aumentando, así como a dotación para conseguir que os alumnos amosen máis interese pola lectura, pola cultura, a arte, a música, etc., consolidándose a biblioteca como un dos espazos máis importantes do centro.

Por tanto, nesta programación contéplase tanto a programación da Biblioteca como o Plan Lector posto que, desde esta biblioteca, lévanse a cabo as medidas máis destacadas do proxecto lector e colabórase con todos os departamentos en todos os proxectos educativos e actividades complementarias deseñadas por eles. Ademais, deséñanse ao longo de cada curso un bo número de actividades dirixidas ao fomento da lectura.

Esta biblioteca, por pertencer ao PLAMBE, favorece a alfabetización múltiple no alumnado, unha competencia esencial para a vida, xa que é a porta cara ao resto das aprendizaxes, consistentes na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes escritas, impresas ou en versión electrónica. O espazo da biblioteca quere ser o punto de encontro de toda a comunidade para explorar e experimentar en todos os ámbitos de coñecemento e así fomentar o amor pola lectura, polo coñecemento e polos libros.

a) Fundamentación legal:

Esta programación basease nas seguintes leis orgánicas, decretos e instrucións:

- A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113.
- R.D. 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de E.S.O. e do bacharelato na Comunidades Autónoma de Galicia, no seu artigo 38.
- R.D. 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, no seu artigo 18.
- Instrucións de 2 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2019/2020, nos centros de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Alumnado:

O centro sitúase na Barcala, concello de Cambre. Por iso, o alumnado procede fundamentalmente dos colexios de primaria CEIP Wencesalo Fernández Flórez, CEIP Portofaro e CEIP O Graxal. En xeral, proceden de familias de clase media-baixa e isto tradúcese nun nivel académico baixo e pouca motivación para o estudo, pero cun comportamento aceptable na aula. Ademais, hai moito alumnado con necesidades educativas especiais.

c) Reunión de coordinación da biblioteca

A reunión de coordinación de biblioteca convocarase por videoconferencia unha vez ao mes fóra do horario lectivo porque o profesorado dedicado á biblioteca non está dispoñible ao estar impartindo clase.

Ademais, coordinaranse as liñas de traballo a través dunha táboa mensual na que aparece adxudicado o traballo que ten que levar acabo cada un deles durante cada mes.

d) Orzamento anual específico para a biblioteca

Neste curso o orzamento da biblioteca por pertencer ao Plambe está aínda por determinar. A este hai que sumar o orzamento proporcionado polo centro. Estes cartos empregaranse en mercar libros, materiais multimedia, xogos, premios para os concursos, mobiliario, material de biblioteca e aquel que se precise para levar a cabo todas as actividades programadas.

e) Horario da biblioteca

Durante o curso académico 2023-24 a biblioteca estará libre para o desenvolvemento de actividades e proxectos diversos durante a xornada lectiva. O profesorado que desexe acceder co

seu grupo de estudantes deberá responsabilizarse do cumprimento das normas propias do espazo da biblioteca.

O servizo de préstamo e devolución de documentos farase durante os recreos, tanto da ESO como de Bacharelato.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:10-10:30	Liliana Piñeiro	Iria Collantes	Estefanía Fernández	Liliana Piñeiro	Estefanía Fernández
12:10-12:30	Iria Collantes	Liliana Piñeiro	Sergio Vázquez	Liliana Piñeiro	Sergio Vázquez

Tamé se ocupará a biblioteca para os diferentes clubs de lectura:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:10-10:30	Manga 1º e 2º ESO				
11:00-11:40	O bosque animado 1º Bacharelato				
12:10-12:30	Manga 3º e 4º ESO	O bosque animado 1º e 2º ESO			
14:30-16:30		Literatura comparada Bacharelato O bosque animado 2º bacharelato LGTBIQ			
18:15-19:30		Adult@s			

II. OBXECTIVOS

1. Favorecer a alfabetización múltiple no alumnado.
2. Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro e dos programas de ensino.
3. Favorecer a adquisición das habilidades lectoras e espertar o gusto pola lectura: mellorar a comprensión lectora; ler con fluidez e velocidade crecente, incrementar o vocabulario, mellorar a ortografía...; así como de aprender e de utilizar as bibliotecas ao longo de toda a súa vida.
4. Crear un clima positivo e favorable cara á actividade da lectura que motive no ámbito escolar e familiar.
5. Ofrecer oportunidades de crear e utilizar a información para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
6. Estimular a creatividade e a imaxinación valorando as creacións propias.
7. Ensinar ao alumnado as habilidades para avaliar e utilizar a información en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta a sensibilidade polas formas de comunicación presentes na súa comunidade.
8. Promover a lectura, así como os recursos e os servizos da biblioteca escolar dentro e fóra da comunidade educativa.
9. Orientar ao alumnado para que aprendan a elixir as súas propias lecturas con respecto aos seus intereses.
10. Buscar na CDU os libros que lles interesan.
11. Facilitar o desenvolvemento do xuízo e espírito crítico, a capacidade de análise e investigación, e de sensibilización cultural e social.
12. Axudar a desenvolver comportamentos como: respecto aos compañeiros, coidado do material, capacidade de concentración, participación en actividades...
13. Traballar co alumnado, o profesorado, a administración do centro e as familias para cumprir os obxectivos do proxecto educativo do centro.
14. Impulsar a participación da comunidade (familias, persoal non docente, axentes externos,...), nas actividades que se propoñan no centro.
15. Acadar unha formación axeitada do alumnado, do profesorado e das familias como usuarios autónomos dunha biblioteca e das fontes de información.

16. Colaborar con outras Bibliotecas Públicas de Cambre e Coruña, con outras bibliotecas escolares da nosa contorna incorporadas ao PLAMBE (como IES Eduardo Blanco Amor, o IES Monte das Moas, o IES Rego de Trabe, ou CPI A Picota), para coordinar accións e facilitar o intercambio de libros para o club de lectura.
17. Avanzar na informatización dos fondos, e seguir modificando os rexistros anteriores que aínda non están actualizados segundo a nosa actual CDU.
18. Actualizar e renovar os fondos para seguir axeitándoos ás necesidades do centro e do novo proxecto.
19. Adquirir novos fondos documentais e de ficción por suxestións dos departamentos, do alumnado e do propio grupo de traballo por medios diversos. Dentro deste punto, continuar coa subscrición a publicacións periódicas, aspecto no que a AMPA fai unha importante colaboración.
20. Renovar ou adquirir novo mobiliario para a biblioteca.
21. Manter actualizado un catálogo de recursos web para facilitar o seu acceso aos usuarios.
22. Expurgar libros deteriorados, desfasados, ou inadecuados.
23. Participar e colaborar nas actividades propostas polo Concello referidas ao mundo da cultura (teatro, música, contacontos...).
24. Usar as novas tecnoloxías realizando actividades de diversa índole.
25. Levar o uso do espazo da biblioteca ao ámbito telemático, continuando co seu apoio a outras actividades do ámbito educativo e cultural.
26. Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
27. Tratar de conseguir unha dedicación horaria do equipo suficiente para desenvolver o maior traballo posible neste servizo.
28. Seguir mellorando a coordinación entre o equipo da biblioteca procurando aumentar o número de xuntanzas, a poder ser en horario lectivo.
29. Implicar ao Claustro nos traballos que se desenvolven na biblioteca, tanto como colaboradores ou como participantes nas actividades.
30. Actualizar e potenciar o funcionamento do blog <http://biblioafonso.blogspot.com/> como medio de expresión das opinións, valoración e gustos do alumnado sobre as actividades realizadas na Biblioteca e as súas lecturas e como un escaparate da biblioteca cara o exterior.

III. METODOLOXÍA

No desenvolvemento deste plan atenderemos aos seguintes principios e estratexias metodolóxicas:

- Motivación previa á actividade de toda a comunidade educativa.
- Aposta polas TIC. Especialmente vinculando a actividade de dinamización co espazo do blog (biblioafonso.blogspot.com)
- Interdisciplinariedade (ter en conta todas as áreas) para o desenvolvemento da programación anual.
- Creación dun clima positivo, ameno e lúdico cara a lectura.
- Atención á etapa evolutiva do alumnado para a proposta de actividades e suxestión de lecturas.
- Participación e cooperación do alumnado nas actividades propostas de traballo en grupo.
- Fomento da imaxinación e a creatividade.
- Coordinación entre o profesorado, Dinamización Lingüística e o equipo de biblioteca de cara a impulsar actividades conxuntas.
- Participación e cooperación das familias nas actividades propostas pola biblioteca para acadar maiores cotas e implicación destas na formación de novos lectores.

IV. ACTIVIDADES

a) Actividades sistemáticas

1.- HORA DE LER

Conscientes de que o feito de ler é unha experiencia que necesita de sosego e reflexión fronte ao ruído que nos envolve, e levando a cabo o Proxecto Lector, continuaremos a desenvolver nas aulas do primeiro ciclo de Secundaria unha lectura silenciosa ou en voz alta durante uns 20 minutos un día á semana, que irá rotando semanalmente nas distintas sesións lectivas.

No segundo ciclo de Secundaria, ademais dos libros de lectura obrigatoria, ou voluntaria que se propón dende os departamentos, os alumnos lerán nas clases libros de narrativa, textos de libros e de artigos de periódicos, de revistas ou de internet referidos a materia que se estea impartindo.

2.- MOCHILAS E MALETAS VIAXEIRAS

Recperouse esta actividade proposta por Bibliotecas Escolares o curso pasado, especialmente co alumnado de 1º ESO. Con esta iniciativa, buscamos implicar ás familias na vida do centro. Para iso,

seguiremos solicitando os recursos dispoñibles segundo as solicitudes ou indicacións dos usuari@s da biblioteca.

3.- BIBLIOTECAS DE AULA

Este curso disporán dunha caixa por aula con diferentes exemplares para poder escoller lecturas. Estas caixas estarán custodiadas pola biblioteca e se repartirán ao comezo da Hora de Ler. De todas as formas, é importante que o alumnado preste especial atención a traer os seus propios exemplares de lectura para facer cumprimento da Hora de Ler estipulada polo Proxecto Lector do Centro e, como apoio, tamén terán dispoñibles recursos e ferramentas no seu portátil de aula.

4.- RECUNCHO DOS LIBROS

A biblioteca sae aos corredores ou espazos comúns, onde se organizan pequenas exposicións dunha temática específica durante un mes aproximadamente dependendo das diversas efemérides. Organizaranse propostas sobre diferentes temas, dende a igualdade, o clima, historias de terror...

5.- TABOLEIRO DE OPINIÓNS, BOOKTRAILERS E BOOKTUBERS

Creación dun un lugar onde os lectores e lectoras poderán opinar sobre un libro determinado, ben escribindo nunha tarxeta algo que motive aos demais a escoller ese libro ou facer un debuxo alusivo, ou ben gravando un vídeo onde os alumnos opinen sobre o libro que recomentan ler.

Dende os departamento de lingua castelá e lingua galega realizaranse booktrailers e vídeos de booktubers. Estas creacións proxectaranse no centro e difundiranse a través do blog se é posible.

6.- PRESENTACIÓN DA BIBLIOTECA

Como todos os anos, coa colaboración do profesorado titor, o alumnado de 1º ESO aprenderá o funcionamento da biblioteca, do préstamo, da CDU,... no primeiro trimestre. A encargada desta actividade de benvinda e primeira toma de contacto será a coordinadora da biblioteca. Para iso, farase un xogo de formación de usuari@s.

Tamén faranse varias sesións explicativas sobre o funcionamento da biblioteca ao profesorado. Asemade, desenvolveranse actividades de actualización en competencia dixital e á utilización do programa de xestión KOHA dirixidas aos membros do equipo da biblioteca.

7.- PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

Involucrarase ao alumnado na xestión e dinamización da biblioteca a través dun grupo de alumn@s voluntari@s que serán formados para que poidan informar aos demais do funcionamento da biblioteca e levar a cabo labores de empréstito e devolucións. Ademais, preténdese que axuden

na ambientación da biblioteca nas diferentes actividades como, por exemplo, o Samaín, o Nadal ou o Entroido.

8.- CLUB DE LECTURA

Continuarase con esta actividade iniciada no curso 2007-2008 que está dirixida a todo o alumnado, ademais das nais e pais. Neste curso escolar, estarán en funcionamento os seguintes clubs:

- Clubs de manga: dous grupos (un de 1º e 2º ESO, outro de 3º e 4ª ESO) coordinados por María Jesús Domínguez Ponte e Estefanía Fernández Piñeiro respectivamente.
- Clubs de literatura e cine: dous grupos (un de 1º e 2º ESO e outro de 1º Bacharelato), ambos coordinados por Iria Collantes Lamas.
- Clubs eclécticos O Bosque animado: tres grupos (un de 1º e 2º ESO, un de 1º Bachelato e outro de 2º Bachelato) coordinados por Estefanía Fernández Piñeiro e Iria Collantes Lamas respectivamente.
- Club LGTBIQ+: un grupo de ESO e Bacharelato coordinado por Graciela Fiaño Casheda.
- Club de artes escénicas: un grupo de 4º ESO coordinado por Beatriz Alonso Pérez-Ávila.
- Club de literatura universal: un grupo de 1º Bachelato coordinado por Rosa Maceiras Miñán.
- Club matemático: *“Apoloxía dun matemático”* dirixido ao alumnado de Matemáticas Académicas de 4º ESO e 1ª BACH e coordinado por Eduardo Dorrego (profesor de Matemáticas).
- Club de poesía: dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato e coordinado por Iria Collantes.
- Club de adult@s: un grupo de pais, nais e docentes coordinados por Susana Vicente Martínez, Estefanía Fernández e Iria Collantes.

*O club de lectura conta cunha programación e fondos específicos. Pero a coordinación das propostas lectoras (incluídas na memoria e programación do Plan Lector) e das actividades a desenvolver, lévase a cabo conxuntamente a través da coordinación global da profesora de Lingua castelá e Literatura Iria Collantes Lamas, que tamén forma parte do equipo de biblioteca.

9.- RADIO NA BIBLIO

Solicitarase neste curso este programa para dispoñer tanto dun laboratorio como dunha emisora de radio co fin de favorecer proxectos educativos de diversa índole que fortalezan as competencias informacionais, mediáticas e lingüísticas do noso alumnado.

10.- O BLOG BIBLIOAFONSO

No noso blog publicaremos artigos sobre o club de lectura, novidades de libros, películas que hai na biblioteca, acontecementos e concursos que se celebran no IES Afonso X O Sabio, páxinas de interese da web, curtametraxes feitos noso centro ou de outro tipo, vídeos feitos polo alumnado, recomendacións de películas, así coma actividades varias do centro.

No presente curso 2023-24, reforzaremos a publicación de entradas no blog, para que se converta nunha canle de proxección da actividade da biblioteca. Resulta necesaria a implicación e consulta deste espazo por parte do alumnado e as familias.

11.- ENCONTROS E OBRADOIROS LITERARIOS

Prográmanse encontros con escritor@s de poesía continuando coa iniciativa iniciada o ano pasado en colaboración co club de lectura. Preténdese reforzar o vínculo entre lectores e autores.

Preténdese tamén a realización de dous obradoiros de diferentes xéneros (poesía, banda deseñada, manga, etc.) adaptados aos diferentes niveis do noso alumnado.

12.-RECREOS TEMÁTICOS

Realizaranse recreos temáticos relacionándoos co lema para as Bibliotecas Escolares para este curso 2023-24: “Unha biblioteca escolar en viñetas” e profundarase de xeito lúdico sobre a escritura a tradución. Ademais, intentaremos que haxa recreos temáticos de lingua galega, lingua castelá, ciencias naturais, matemáticos, de educación física, de xeografía e historia e recreos musicais.

13.- BUZÓN DE SUXERENCIAS

Creación dun buzón de suxerencias no centro para mellorar o funcionamento da biblioteca, dentro das nosas posibilidades.

14.- GUÍAS DE LECTURA E BOLETÍNS DE SUXESTIÓNS LECTORAS

Levarase a cabo a elaboración guías de lectura, tanto temáticas como periódicas e de suxestións lectoras. Neste senso son imprescindibles as que preceden as vacacións de Nadal e verán.

15.- LECTURA E FAMILIAS

Iniciouse esta actividade no último trimestre do curso pasado e este ano recuperarase. O seu principal obxectivo é fomentar o hábito lector dentro do ámbito familiar e para iso a biblioteca fará uso de: encontros con escritor@s, debuxantes, roteiros, charlas con especialistas en bibliotecas e librarías e adquisición de novo material.

b) Actividades periódicas

1º Trimestre

1.-DÍA INTERNACIONAL DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Previa á festividade realizaranse as presentacións da nosa biblioteca aos novos alumnos 1º ESO. Tamén daremos unhas sesións informativas ao profesorado sobre o funcionamento da nosa biblioteca, e sobre as prestacións da páxina do Koha.

2.-SAMAÍN

Non poderá faltar a temática de medo nos contos de Samaín, onde se decorará a biblioteca como un cemiterio encantado. Nela, realizaranse lecturas dramatizadas de lendas de terror. Ademais, a Santa Compañía percorrerá todo o centro.

3.- MAGOSTO

Celebrarase o magosto en secundaria facendo un traballo previo co alumnado sobre esta festividade. E sinalarase un día para a celebración; intentarase formar un grupo en secundaria para interpretar algunha canción en galego, (isto farase coa colaboración do departamento de música de secundaria), realizaranse xogos para os rapaces, todos relacionados coas castañas e cos xogos tradicionais galegos, rematando a celebración comendo castañas asadas.

4.- 25 N. DÍA CONTRA LAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Durante a semana previa a esta data traballarase dende a biblioteca con libros de temática feminista, ambientarase os espazos e programaranse actividades como obradoiros de haikus contra a violencia, cancións protesta contra o maltrato e as violencias machistas... Ademais, convocarase o II concurso de fotografía relacionado con imaxes sobre a igualdade de xénero.

5.- NADAL

Farase un boletín de recomendacións de libros para as vacacións de Nadal, e unha exposición de libros de Nadal e de contos e lendas populares galegas como, por exemplo, o apalpador. Ademais, o apalpador percorrerá as aulas para que o alumnado coñeza esta figura de primeira man.

2º Trimestre

6.- CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ

Como todos os anos, elaborarase algunha actividade dende a biblioteca que incida neste tema, buscando cancións, lemas, poemas,... que fagan referencia á Paz.

7.- CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

Como xa fixéramos o ano anterior, o Meco aparecerá para indicarnos que temos que facer durante a semana previa a festividade do Entroido.

8.- CELEBRACIÓN DO DÍA DA AMIZADE E DO AMOR

Para fomentar máis a expresión escrita, a socialización e o agradecemento, co motivo da festa do 14 de febreiro proporemos ao alumnado que a semana previa a esa data escriban cartas de

amizade a amig@s, compañeir@s ou profesorado do centro, e as metan nun buzón da amizade que se porá na biblioteca. Para que despois de seleccionar as cartas por grupos, se dean aos destinatarios/as.

Ademais, volverase a levar a cabo a actividade de “cita a cegas cun libro” para que o alumnado poda acercarse aos libros sen prexuízos que veñen marcados desde a mesma portada.

9.- 8M: DÍA DA MULLER

Data sinalada no calendario anual da nosa programación. Durante a semana previa a biblioteca exporá libros, música e películas de temática feminista ou que fagan visible o papel da muller na sociedade.

Realizaranse tamén actividades co alumnado en coordinación co profesorado que queira participar prestando especial atención a temas de actualidade, mulleres na ciencia e nas letras, mozas e mozos referentes en diferentes áreas...

3º Trimestre

10.- SEMANA DA POESÍA, OBRADOIRO POÉTICO

Dende a biblioteca queremos impulsar de xeito decidido a aposta pola dinamización e difusión da poesía entre o noso alumnado.

Realizarase un obradoiro de poesía que poderá ser impartido por unha poeta convidada. Ademais, contéplase a creación dun concurso de poesía recollendo as aprendizaxes e destrezas deste primeiro obradoiro.

Todas estas iniciativas serán coordinadas dende o equipo da biblioteca do centro en colaboración co Club de Lectura.

11.- DÍA DO LIBRO

Coincidindo coa semana do Libro en abril, expóranse traballos sobre o Proxecto de Fomento da Lectura traballado durante todo o curso.

12.- LETRAS GALEGAS

En Maio, con motivo da Semana das Letras Galegas e en colaboración co EDNL, dende a biblioteca promoveranse actividades relacionadas coa formación de usuarios e coa figura da escritora Luisa Villalta. Ademais, comprarase algún libro máis desta escritora para ter na biblioteca.

13.- OBRADOIROS VARIOS

Segundo o éxito do curso pasado, poderán retomarse obradoiros de final de curso en torno a: elaboración de varitas máxicas, lettering, creación de pulseiras...

V. LIÑAS DE TRABAJO CARA O CURSO ACTUAL

1.- Organización e xestión.

- Seguir participando no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares convocado pola Xunta de Galicia, asistindo a todas as reunións convocadas por Bibliotecas escolares de Galicia, como forma de actualización permanente do equipo de biblioteca.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Conseguir melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica das diferentes formas de información, incluíndo as imaxes e textos escritos, impresos ou en versión electrónica do alumnado.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a que acaden maior resultado académico e mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Facilitar ao profesorado recursos para a renovación das prácticas educativas.
- Continuar co mantemento das funcións básicas como apoio á lectura e traballo da biblioteca do centro.
- Levar o uso do espazo da biblioteca ao ámbito telemático, continuando co seu apoio a outras actividades do ámbito educativo e cultural.
- Seguir mellorando a coordinación entre o equipo da biblioteca procurando aumentar o número de xuntanzas, a poder ser en horario lectivo.
- Tratar de conseguir unha dedicación horaria do equipo suficiente para desenvolver o maior traballo posible neste servizo.
- Implicar ao Claustro nos traballos que se desenvolven na biblioteca, tanto como colaboradores ou como participantes nas actividades.
- Continuar coa depuración da base de datos de rexistros e dos fondos inservibles.
- Crear un grupo de traballo para o perfeccionamento da formación do equipo da biblioteca, programar ou realizar actividades de dinamización concretas.
- Continuar co grupo de alumnado voluntario durante os recreos, formándoos para que poidan informar aos demais do funcionamento da biblioteca, posibilidades de contactar e buscar os seus fondos na internet...
- Continuar co deseño de actividades de promoción da lectura e colaborar con todas aquelas deseñadas por todos os departamentos do IES.
- Solicitar a participación do programa "Radio na Biblio".

2.- Dinamización e promoción dos recursos de biblioteca.

- Manter actualizado un catálogo de recursos WEB, para facilitar o seu acceso aos usuarios e ao tempo, ofertarlles uns contidos cun mínimo de calidade.
- Revisar, actualizar ou, no seu caso, depurar os documentos existentes e que faciliten aos usuarios a investigación e tratamento da información.
- Adquirir novos fondos documentais e de ficción por suxestións dos departamentos, do alumnado e do propio grupo de traballo por medios diversos. Dentro deste punto, continuar coa subscrición a publicacións periódicas, aspecto no que a AMPA fai unha importante colaboración.
- Seguir a facer exposicións temáticas en mesas e expositores dos diferentes documentos da biblioteca durante todo o curso.
- Manter os paneis de información actualizados en canto a noticias e novidades que puideran levar ao uso dos fondos da biblioteca.
- Actualizar e potenciar o funcionamento do blog <http://biblioafonso.blogspot.com/> como medio de expresión das opinións, valoración e gustos do alumnado sobre as actividades realizadas na Biblioteca e as súas lecturas e como un escaparate da biblioteca cara o exterior.
- Aumentar a colaboración coas Bibliotecas Municipais e as outras Bibliotecas Escolares dentro e fora do municipio, desenvolvendo as canles de relación e informándoas das nosas actividades.
- Manter abertas as relacións cos departamentos didácticos ofrecendo os nosos servizos para desenvolver actividades de promoción lectora e de busca documental.

3.- Formación de usuari@s.

- Consolidar as actividades de Formación de usuarios sobre todo para o alumnado de primeiro da ESO e o de nova incorporación.
- Desenvolver actividades de actualización en competencia dixital dirixidas aos membros do equipo da biblioteca, especialmente relacionadas co KOHA.
- Seguir colaborando co alumnado nos tempos de lecer para a realización do préstamo e devolucións.
- Colaborar coa profesora e o alumnado da materia Investigación e tratamento da información.

4.- Fomento da lectura

- Bibliotecas de aula: este curso disporán dunha caixa por aula con diferentes exemplares para poder escoller lecturas. Estas caixas estarán custodiadas pola biblioteca e se repartirán ao comezo da Hora de Ler. De todas as formas, é importante que o alumnado preste especial atención a traer os seus propios exemplares de lectura para facer cumprimento da Hora de Ler estipulada polo Proxecto Lector do Centro e, como apoio, tamén terán dispoñibles recursos e ferramentas no seu portátil de aula.
- Mochilas viaxeiras: intentarase recuperar esta actividade ao longo deste curso, especialmente co alumnado de 1º ESO.
- Club de lectura: manter o bo funcionamento dos clubs de lectura existentes e intentar amplialos na medida do posible. Desde o curso 2007-08 está a funcionar o club de lectura de forma oficial, aínda que xa antes existía informalmente. En calquera caso, sempre estivo constituído por varios niveis do ensino secundario e bacharelato e varios docentes. Tamén foron variadas as linguas utilizadas: o galego, o castelán e o inglés, e segue a ser un dos nosos obxectivos a destacar.
- Continuar cos clubs de lectura. Están programados varios grupos de dentro desta convocatoria (manga, literatura e cine, contido LGTBIQ+, adult@s...).
- Hora de ler, no primeiro ciclo da ESO como xa ven funcionando desde os últimos anos. Esta actividade consistirá na lectura de calquera libro, aportado polo alumnado, da Biblioteca do IES, dos portátiles da aula, dos Departamentos... Consiste na lectura en silencio ou en voz alta, durante vinte minutos dun día á semana, que irá rotando semanalmente nas distintas sesións lectivas.
- Maletas viaxeiras: sempre temos en conta a posibilidade de participar nesta actividade, proposta pola rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, solicitando os recursos dispoñibles segundo as solicitudes ou indicacións dos usuari@s da biblioteca.
- Elaborar guías de lectura, tanto temáticas como periódicas. Neste senso son imprescindibles as que preceden as vacacións de Nadal e verán.
- Preparar de xeito especial as campañas temporais de lectura do Día do libro en abril, campañas da Xunta referidas a lectura, día das Letras Galegas en maio e difundir as novas de actualidade relacionadas co ámbito literario: Premios, conmemoracións, falecementos... Desenvolver e coordinar as posibles campañas da Xunta referidas a lectura.

VI. PROXECTO LECTOR

Conscientes de que o feito de ler é unha experiencia que necesita de sosego e reflexión fronte ao ruído que nos envolve, levarase a cabo o Proxecto Lector.

Na medida do posible, na maioría dos departamentos colaborarán no plan lector do centro encamiñados a:

- Crear un clima positivo e favorable cara a actividade da lectura.
- Favorecer a adquisición das habilidades lectoras e despertar o gusto pola lectura.
- Mellorar a comprensión lectora, aprender a ler con fluidez e velocidade crecente, incrementar o vocabulario, mellorar a ortografía.
- Facilitar o desenvolvemento do xuízo e espírito crítico e a capacidade de análise e investigación.
- Estimular a creatividade e imaxinación do alumnado.
- Para colaborar nesas causas, dende as clases realizaranse actividades como:
 - Lecturas comprensivas de textos tomados de revistas de divulgación relacionadas coa materia da que se trate.
 - Pescuda de información na biblioteca do centro de temas de actualidade relacionados coa materia.
 - Fomentar a actitude crítica fronte a temas de actualidade referidos cos contidos que se están a traballar na aula.
 - Pescuda en diversos xornais de noticias relacionadas coa materia e análise das mesmas.
 - Recomendación de lecturas de libros atractivos para lograr unha maior motivación de cara a lectura de temática relacionada coa materia.

VII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A biblioteca é un espazo de encontro aberto e diverso por definición en canto é un dos espazos de socialización da comunidade do centro. Especialmente entre alumnos/as, mais tamén entre os outros membros da comunidade educativa. En canto tal, debe prestar atención a este feito ofrecendo unha resposta de carácter aberto, participativo e flexible. As principais medidas, de índole xeral, que serán concretadas ao longo do ano e referenciadas na memoria final, xirarán en torno aos seguintes principios xerais:

- Facer grupos de traballo na biblioteca entre diferente alumnado para tratar temas relacionados co centro, de tal xeito que os alumnos con maiores problemas de socialización

e/ou aprendizaxe teñan a axuda dos seus compañeiros e poidan acceder a toda a información necesaria para a realización das actividades propostas.

- Organizar xogos por equipos (sempre mixtos) para atopar pistas e coñecer os espazos e fondos da biblioteca.
- A maleta viaxeira como vehículo flexible de atención á diversidade dende o fomento da lectura e tamén como punto de encontro entre pais, alumnos/as e profesores do centro.
- Colaboración co equipo orientador do centro na programación e organización de obradoiros, charlas e visitas de carácter formativo sobre diferentes aspectos de interese para o alumnado.

VIII. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Continuaremos co blog da biblioteca e do club de lectura, <https://biblioafonso.blogspot.com/> que servirá para deixar as nosas opinións, anunciar os concursos e actividades que se realizarán ou xa feitos dende a biblioteca, enlaces de interese para os alumnos, profesores e pais, comentarios sobre os libros lidos no club de lectura, novidades de libros, películas e música...

O correo electrónico da biblioteca é: biblioteca@iesafonsoxcambre.com

Este ano queremos iniciar o préstamo de libros dixitais. Por iso, intentaremos mercar algún destes dispositivo.

Nos recreos están dispoñibles 4 ordenadores para uso do alumnado, aínda que o alumnado de Secundaria dispoñe do seu propio ordenador ao ser un centro Edixgal.

No actual curso consideramos especialmente importante reforzar a aposta pola dixitalización lectora. Esta iniciativa, que terá continuidade nos vindeiros anos, partirá dos seguintes principios:

- Aposta pola difusión de actividades e participación activa do alumnado a través do blog da biblioteca.
- Préstamo de libros dixitais dos que se disporán na biblioteca.
- Actividades, lecturas e propostas dinamizadoras a través da Aula Virtual do centro en colaboración co profesorado dos diferentes niveis.
- Utilización do LIA.

IX. MATERIAIS, RECURSOS DIDÁCTICOS e PERSOAL

a) Materiais:

Fondo de biblioteca, medios audiovisuais (canón de proxección, ordenadores, programas informáticos – fundamentalmente o KOHA), zona de lectura con pufs, expositores para libros en formato papel e dous dixitais, cómics, CDs, DVDs, e revistas... e Internet.

Este ano intentarase comprar algún e-book para o préstamo, sinalizar por cores as estanterías segundo a clasificación da CDU e equipar a biblioteca de con algún mobiliario novo.

b) Persoais:

- 1) Coordinadora da biblioteca: Estefanía Fernández Piñeiro (Departamento de Xª e Hª) con 4 horas de biblioteca.
- 2) O profesorado que tamén vai participar no mantemento da biblioteca son:
 - Iria Collantes Lamas (departamento de Lingua Castelá)
 - María Jesús Domínguez Ponte (departamento de Música)
 - Eduardo Dorrego (departamento de Matemáticas)
 - Estefanía Fernández Piñeiro (departamento Xª e Hª)
 - Mikel Iribar López (departamento de Xª e Hª)
 - Liliana Piñeiro Piñeiro (departamento de Lingua Castelá)
 - José Antonio Valiña Alonso (departamento de Matemáticas)
 - Sergio Vázquez Miramontes (departamento de Xª e Hª)
- 3) O profesorado que vai participar no club de lectura:
 - Beatriz Alonso Pérez-Ávila (departamento de Música)
 - Iria Collantes Lamas (departamento de Lingua Castelá), que ademais será a coordinadora dos clubs de lectura.
 - María Jesús Domínguez Ponte (departamento de Música)
 - Eduardo Dorrego (departamento de Matemáticas)
 - Estefanía Fernández (departamento de Xª e Hª)
 - Graciela Fiaño Casheda (departamento de Orientación)
 - Rosa Maceiras Miñán (departamento de Lingua Castelá)
 - Susana Vicente Martínez (departamento de Latín)
- 4) As orientadoras e o profesorado encargado da Dinamización Lingüística xa que tamén colaborarán coas actividades propostas dende a biblioteca.
- 5) O profesorado titor e o resto da Comunidade educativa.
- 6) Poñentes, axentes externos, autor@s de libros, ilustrador@s....

c) Organizativos:

- a) Espazos: dependencias do centro (biblioteca, aulas audiovisuais, patios)
- b) Tempos: o plan desenvolverase ao longo de todo o curso.
 - i) lectura de textos: tempos establecidos na hora de ler.

ii) contemplaremos tempos específicos para:

- 1) apertura de biblioteca
- 2) coordinación
- 3) préstamo
- 4) formación de usuarios
- 5) consulta
- 6) uso por grupos
- 7) explicación de actividades
- 8) formación do profesorado
- 9) programación de propostas

c) Inclusión no currículo: o plan lector incluírase no PXA e concretarase nas programacións de aula.

X. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Unha vez finalizada cada actividade avalíaranse os seguintes aspectos:

- Nivel de participación.
- Volume de documentos empregados.
- Opinión do profesorado titor en canto aos resultados obtidos.
- Dificultades que se atoparon.

Do mesmo xeito e unha vez rematado cada trimestre, realizarase unha valoración xeral do funcionamento da Biblioteca nese período, terase en conta:

- Volume de libros prestados
- Índice de participación das familias
- Resposta do profesorado
- Catálogo e resultado das actividades realizadas

Por último, farase unha avaliación final do funcionamento xeral da Biblioteca durante o curso.

- Volume de libros prestados e catalogados.
- Índice de participación das familias.
- Resposta do profesorado.
- Resultado das actividades levadas a cabo.
- Enquisas a todo o alumnado e ao profesorado sobre o uso que fan da biblioteca (tanto no préstamo, consulta, como o uso das instalacións,...), valoración sobre as actividades que se fixeron durante o curso, a súa implicación ao longo do curso....

- Valoración específica dos resultados do tema do PLAMBE a nivel de centro.

Terase en conta tamén a información incorporada ao blog da biblioteca e as aportacións do conxunto do equipo de coordinación.

O resultado desta avaliación quedará reflectida na memoria final e terase en conta para o vindeiro curso académico.

X. VIXENCIA

Esta programación permanecerá en vigor ata a súa substitución. Non obstante, poderá ser parcialmente modificada polo equipo de biblioteca e o profesorado durante o curso segundo as necesidades resultantes do desenvolvemento do mesmo.

1. INTRODUCCIÓN

Segundo o establecido no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, os Equipos de Dinamización da Lingua Galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos. Conforme a isto, tamén sinala no seu artigo 15 que os EDLG terán como obxectivo potenciar o uso da lingua galega en centros públicos. Este é un centro en que o alumnado fala maioritariamente castelán e ten moitos prexuízos cara ao galego.

Durante os cursos pasados, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES AFONSO X O SABIO levou adiante un conxunto de actividades que permitiron adquirir unha pequena experiencia sobre aquelas que daban mellores resultados. Partiremos dese punto para a programación de actividades futuras que teñan unha boa acollida por parte do alumnado e que, asemade, cumpran coa finalidade de promoción do noso idioma entre toda a comunidade educativa.

Para este ano os obxectivos son, de novo e en liñas xerais, os mesmos dos cursos anteriores, xa que é sempre preciso renovar e consolidar o equipo e continuar coas actividades que dan sentido á súa existencia.

Realizaremos actividades que xa se realizaron en anos anteriores e deron resultado satisfactorio e incorporaremos novas que agardamos que teñan igualmente boa acollida por parte da comunidade educativa.

Pretendemos que o equipo dinamizador consiga transmitir un sentimento positivo cara un mundo moderno en galego, baseado na interdisciplinabilidade, a empatía, o valor da cultura propia e allea, o respecto á diversidade, a ecoloxía e, polo tanto, o ecolingüismo, o valor da unión, do pobo, do colectivo e todo tipo de valores humanos que xorden nunha convivencia.

2. SITUACIÓN

2.1 CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O centro sitúase nunha contorna de ámbito urbano, moi castelanizada e con moitos prexuízos cara á lingua galega e cara ao seu uso. Hai unha actitude moi pouco favorable a todo o que teña que ver coa lingua galega.

2.2 A SITUACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado do centro é maioritariamente castelanfalante nas aulas e no uso cotián. É ben certo que hai un grupo pequeno que usan o galego a diario e tamén como ferramenta de traballo pero son os menos. Moitas das actividades expostas están en lingua castelá e cando se fala co alumnado o uso, en xeral, é do castelán.

2.3 A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O centro usa, en xeral, a lingua galega como medio vehicular nas comunicación escritas coas familias, co alumnado e co profesorado.

Á hora de comunicarse co alumnado oralmente o uso maioritario é o da lingua castelá.

3. OBXECTIVOS

a) Obxectivos xerais para a contorna.

Estamos convencidos de que o ámbito familiar -con respecto ao alumnado- é o punto de referencia básico que hai que ter en consideración con relación á adquisición da lingua. Con todo, consideramos que desde o centro educativo podemos tentar promocionar, fomentar, dignificar a lingua galega. Será un dos obxectivos principais poñermos os alicerces necesarios para posibilitar que aumente o seu uso habitual no ámbito escolar. Confiamos en que as actitudes e consideracións negativas que existen con respecto á lingua autóctona poidan ser modificadas e mesmo eliminadas.

b) Obxectivos canto á lingua habitual do centro.

-Incrementar o uso da lingua galega entre a comunidade escolar.

-Tentar romper cos hábitos diglósicos da contorna (aínda que comúns a toda Galicia, moi acusados na nosa cidade e comarca).

-Asesorar práctica ou tecnicamente a todo aquel membro docente que imparta as súas clases en lingua galega.

-Preparar actividades (conferencias, teatro, recitais, cinema, exposicións, saídas...) que teñan como finalidade o fomento da nosa lingua.

-Promover o correcto desenvolvemento do Plan lingüístico do centro, que se vén incumprindo de forma habitual nas materias en galego.

c) Obxectivos canto á competencia lingüística do alumnado.

-Incentivar o alumnado para que sinta interese pola lingua.

-Crear hábitos de lectura e de escrita en galego, así como no uso de calquera tipo de material que se poida empregar en diferentes ámbitos académicos.

-Dinamizar actividades de índole extraescolar nas que se vexa que o uso do galego é natural, posible e mesmo maioritario nalgunhas comarcas galegas.

d) Obxectivos canto á valoración do idioma

-Traballar os prexuízos e a situación que levou a cultura galega ao auto odio.

-Situación o galego nunha visión universal que nos dea a visión dunha cultura como calquera outra, digna de ser respectada e protexida polo seu pobo.

-Fomentar o respecto para coa diversidade lingüística e cultural da nosa contorna.

-Asumir a lingua galega como elemento válido para calquera función comunicativa en calquera contexto.

-Transmitirlles o rexistro estándar como elemento esencial na madurez dunha lingua para desenvolverse no ámbito da cultura e da ciencia, co fin de debotar os prexuízos sobre a artificialidade de norma.

e) Obxectivos específicos por sectores da comunidade educativa

-Con relación ao alumnado, tentar que se incremente nel o número de galegofalantes, que se eliminen certos prexuízos e, sobre todo, conseguir que se empregue a lingua galega en todos e cada un dos feitos da súa vida e en todas as relacións comunicativas que se establezan, pertencen estas ao rexistro oral ou escrito, a situacións consideradas socialmente pouco formais ou, polo contrario, moi formais.

Mención especial merece as accións dedicadas ao alumnado migrante chegado recentemente a Galicia. Chama poderosamente a atención a facilidade coa que aprenden a lingua galega e a boa disposición cara a ela, totalmente ausente de prexuízos. Terán un papel fundamental no EDLG e estou segura de que servirán de exemplo a seguir polo alumnado nativo.

-Con relación ao profesorado e persoal non docente asesoralo en calquera dúbida que lles xurda á hora de usar a lingua galega a nivel oral ou escrito e valorar moi positivamente o seu uso fóra da aula. É neste caso imprescindible facer unha mención ao labor das conserxes, co seu uso habitual da lingua galega e a súa implicación.

-No relativo á contorna, procurar contribuír a eliminar os prexuízos existentes canto ao galego.

MEDIDAS

-Realizar unha serie de actividades (detalladas máis abaixo) que fomenten o uso da lingua galega.

-Adquirir material de consulta en galego que incida no proceso normalizador. Isto abranguerá calquera dos ámbitos educativos (distintas disciplinas, administración, actividades extraescolares...)

-Participar nas actividades que se propoñan desde diferentes administracións para, entre outras cousas, compartir experiencias con elas.

-Promover a Lusofonía (lecturas, conversas con alumnado de fala portuguesa, proxectos sobre feitos históricos...) para potenciar o galego tanto dende a súa orixe como na proxección internacional.

Implicación da comunidade educativa

O EDLG procurará, como aconteceu en cursos pasados, que toda a comunidade educativa se implique. A Anpa colabora activamente na recuperación do Entroido e en calquera actividade que sexa requirida. Forma parte do equipo, polo menos, un profesor ou profesora de cada departamento así como o persoal de administración e servizos. Con relación ao alumnado, participan varios rapaces e rapazas de cada nivel educativo.

O EDLG e as novas tecnoloxías

-Manteremos ao día o blogue da páxina web do centro: A Fiestra do Afonso, [afiestradoafonsox.blogspot](http://afiestradoafonsox.blogspot.com).

-Traballaremos as redes sociais potenciando o noso Instagram: [dinamizacionafonsox](https://www.instagram.com/dinamizacionafonsox).

-Traballaremos con podcast como medio informativo.

- Incluiremos códigos QR na nosa cartellaría e nas recomendacións lectoras.
- Usaremos ferramentas de creación de contido co alumnado.
- O alumnado fará busca e recompilación de material en galego nas redes, organizados por bloques temáticos: música en galego, agasallos...
- Faremos busca de actividades xuvenís en galego nas webs das distintas administracións públicas, organizando o alumnado por grupos temáticos.
- Amais diso incluiremos tamén os booktrailers, vídeo-poemas e vídeos que faga o alumnado ao longo do curso

Colaboración con outras institucións.

O EDLG colabora activamente coa Galiña Azul que está ao lado. Convidamos aos seus alumnos e alumnas a participar nas nosas actividades e os nosos rapaces van alí como contacontos.

Tamén se colabora activamente todos os anos co Concello de Cambre e co IES David Buján no, xa consolidado, Certame Literario do Concello de Cambre.

O EDLG e a Biblioteca

A colaboración entre o EDLG e a Biblioteca “O bosque animado” é continua fundamentalmente en conmemoracións culturais ou de concienciación social.

ACTIVIDADES PREVISTAS

Procuraremos que as actividades teñan un carácter eminentemente interdisciplinar e, polo tanto, manter sempre a colaboración co conxunto dos departamentos. Consideramos importantísima a implicación de toda a comunidade educativa para tentar que o proceso de promoción e normalización lingüística se vaia afianzando.

Faremos uso do panel informativo existente para combinar aspectos informativos xunto con lúdicos e persuasivos de cara á maior valoración do noso idioma. Tamén figurará nel a programación das actividades que se van desenvolver. Entre as máis importantes destacan as seguintes:

FOMENTO DA EXPRESIÓN ESCRITA E ARTÍSTICA

Concurso de decoración de portas baseadas en monstros galegos e concurso de lápidas e epitafios no Samaín en colaboración coa Departamento de Lingua Galega e de Debuxo. Tamén para o Samaín facemos o paseo da Santa Compañía e unha performance terrorífica en colaboración co Departamento de Música.

Concurso de cómic centrado na figura do Apalpador e concurso de mensaxes de Nadal. Un profesor fai de Apalpador acompañado dun grupo de alumnos co que realiza unha performance nas aulas de primeiro da ESO.

Concurso de haikus para festexar a Candeloria e o namoro dos paxaros.

Concurso anual de esopías, en colaboración ao Departamento de Matemática.

Concurso de todo tipo de habilidades artísticas (teatro, música, pintura...) no certame “Festa das Letras”, celebradas na semana das Letras Galegas.

Concurso de comparsas e disfraces no Entroido.

Convocamos anualmente un importante certame literario en colaboración co IES David Buján e co Concello de Cambre, certame que conta cun considerable prestixio e ao que pensamos que debemos dedicar os máis dos nosos esforzos. Pretendemos dar un pulo á participación do alumnado do Instituto por medio dunha maior difusión da convocatoria e da necesaria implicación do profesorado, en particular o de Lingua Galega e Literatura.

Con todo, non debemos nin queremos pechar as portas a ningunha outra idea que poida chamar a atención do alumnado, por iso procuramos ter o taboleiro do equipo de EDLG do vestíbulo actualizado con información sobre outros concursos e eventos. A colaboración cos distintos departamentos aumenta cada curso, co que se consegue un ambiente moi positivo para a aprendizaxe e transmite unha idea de globalidade, diversión, ciencia e modernidade na lingua galega.

CONMEMORACIÓN DE EFEMÉRIDES

Como anos anteriores festexaremos con actividades diversas as seguintes datas:

Día da ciencia en galego: promoveremos a lingua en todos os ámbitos científicos promocionando obras de divulgación científica de autoría galega e facendo actividades en colaboración co Departamento de Bioloxía, Matemáticas e Física e Química.

Día contra a violencia de xénero: actividades de concienciación da situación da muller actual no relativo á violencia de xénero.

Día da música: as actividades darán a coñecer e enxalzarán a música en galego, tan descoñecida para a rapazada.

Día de Castelao :actividades de difusión e coñecemento da súa persoa e o obra.

Día da Candeloria: a finalidade desta conmemoración é divulgar entre todos e todas a orixe e a historia desta festa de orixe pagá.

Día dos namorados: o obxectivo desta conmemoración é mostrarlle ao alumnado que o galego serve tamén se poden expresar os sentimentos en galego.

Día da lingua materna: traballaremos o valor da lingua como representación da forma de ser dun pobo e reflexionaremos sobre a nosa identidade como colectivo.

Día de Rosalía: divulgación da obra da escritora e recitado dos seus poemas.

Día da Lusofonía: comezamos o ano anterior con éxito esta festividade que nos achega á orixe da nosa lingua e que nos ofrece unha proxección internacional.

Día da muller: actividades que conciencien sobre a situación da muller na actualidade. Gustaríanos profundar, en particular, sobre o papel da muller non mundo rural. Para os rapaces e rapazas do mundo urbano é unha figura totalmente descoñecida.

Día do libro: Propoñemos unha lectura seguida de textos literarios en lingua galega durante toda a xornada escolar sen interrupcións. Fíxose o curso anterior e foi un éxito total. Tamén fixemos unha exposición de minilibros coas portadas de obras da literatura galega en 1º de ESO que foi un éxito e volveremos repetir.

Semana do orgullo: actividades relacionadas a eliminar prexuízos contra a comunidade LGBTI.

LETRAS GALEGAS

Este ano dedícase á figura Luísa Villalta. Como cada curso centrarémonos na obra da autora escollida. Ademais aproveitaremos para lembrar outros que foron homenaxeados e é necesario recordar. Organizaremos diferentes actividades en torno á figura por niveis educativos. Non faltará unha gran exposición na entrada do centro.

Celebraremos a Semana das Letras, cunha serie de actividades para cada nivel: xogos populares, concertos, exposicións, talleres creativos, saídas...

Nesta data festéxase con grande éxito o Festival das Letras. Todo o alumnado do centro pode participar realizando as actividades que mellor saiba diante do resto dos seus compañeiros e compañeiras.

A MÚSICA EN GALEGO

-Promociónase a música en galego dende as aulas, vendo vídeos ou escoitando cada día un grupo de diferente estilo.

-Virán ao centro artistas galegos, como Xoán Curiel ou o grupo de rapmetal QFB.

-O Departamento de música fai unha constante selección de pezas en galego que se usa no canto dos timbres de cambios de clase.

-Este ano, en colaboración co Departamento de Música, recuperaremos os cantos de reis.

-En festividades como o Entroido, festa de fin de curso entre outras, promóvese o uso de música en galego.

-O Departamento de Música comezará a introducir nas súas aulas a regueifa.

-Continúase con clases de pandeireta para todo o persoal da comunidade educativa nos recreos. Actividade que xa leva, con éxito, dous anos.

-Realizaranse foliadas os días anteriores ás vacacións, como o Nadal, ou a Semana Santa entre outras, organizadas por un dos profesores do Departamento de Lingua Galega.

A ARTE GALEGA ACTUAL

Virá ao noso centro a muralista Raquel Germade, que nos fará un mural dedicado a Afonso X, como honra ao XXV aniversario do centro. O alumnado de 4º poderá aprender do proceso coa colaboración do Departamento de Debuxo e mesmo participar na súa creación.

AS NOSAS FESTAS E TRADICIÓNS

En cada trimestre do curso hai unha celebración susceptible de ser traballada nos centros de ensino, de xeito que se manteñan e se transmitan as nosas festas tradicionais. O Samaín, O Magosto, os cantos do Nadal, o Entroido, os Maios darannos pé a introducir importantes aspectos da nosa cultura e a manter estas festas.

O Samaín: Cada ano ten máis éxito esta celebración entre o alumnado. A incursión do Halloween no panorama galego está suplantando a tradición autóctona por iso consideramos fundamental a súa recuperación.

Entroido: No referido ao segundo trimestre, celebraremos o Entroido. É unha gran festa de todo o centro, con comparsas, disfraces, mandados do Meco, concurso de doces tradicionais...

O Nadal e o Apalpador: Os rapaces e rapazas reciben cada ano desde hai tres cursos académicos con moita ilusión a figura do apalpador que reparte bombóns polas aulas. Vai acompañado por un grupo de alumnos e fan unha performance polas aulas. Este ano recuperaremos con entusiasmo os cantos de reis.

Os maios: Este ano por primeira vez intentaremos celebrar os maios. Esta tradición tan arraigada nalgunha zonas de Galicia aquí é descoñecida polos máis novos. Sería interesante recuperala.

O San Xoán :Como festa tradicional en todo o país, tamén a celebramos no Afonso X. A recolleita e reparto das plantas aromáticas e medicinais traídas polos membros do equipo entre a comunidade educativa é un éxito.

A dinamización da lingua oral

Contacontos: intentaremos conseguir que asista ao centro un ou unha contacontos.

Iniciaremos obradoiros de regueifas en colaboración co Departamento de Música.

O día das Letras ou o Día do libro farase unha lectura continua de textos en galego na Biblioteca.

Dinamizando a lingua polas aulas- 100 euros

Faremos teatro, declamación de poemas e textos explicativos. O alumnado irá polas aulas facendo esas pequenas exposicións. Haberá pequenas performances do alumnado colaborador polas aulas en épocas como Samaín ou Nadal.

PRESENZA NA COMUNIDADE EDUCATIVA

As relacións e a apertura a toda a comunidade educativa do IES resulta vital para facilitar o éxito do noso labor.

Este curso debido ás circunstancias que vivimos faremos unha exposición dos traballos elaborados polo alumnado sobre as obras de lectura para ver como se pode traballar a lingua e literatura desde un punto de vista lúdico. Estará dirixida ao profesorado principalmente. Exporanse: xogos de mesa, kahoots, pasapalabra...

A ANPA é un colectivo fundamental á hora realizar actividades para os rapaces. A implicación das nais e pais no fomento do uso da lingua galega resulta fundamental nunha contorna tan

castelanizada como esta. Moitos deles proceden de familias galegofalantes e poden ser un referente importantísimo para os fillos a nivel lingüístico.

Como Equipo de Dinamización da Lingua Galega asesoraremos a todos os membros do Claustro e da comunidade educativa en xeral nas dúbidas que poidan ter á hora de usar a lingua galega tanto a nivel oral como escrito.

Tamén seguiremos a asesorar lingüisticamente na redacción de borradores diversos: actas do claustro, da CCP, etc. O EDLG así mesmo colaborará no deseño da páxina Web do Centro, onde figurarán as actividades programadas e que realice o noso Equipo. Para desenvolver e difundir as actividades previstas na presente programación contaremos coa colaboración do profesorado dos Departamentos de Orientación, Plástica (elaboración de pancartas, deseño ...), Educación Física, Bioloxía, Francés, Música, Matemáticas, Física e Química, Lingua e Literatura Galegas e Castelá e Biblioteca.

RELACIÓNS DO IES COA SÚA CONTORNA

Correlingua

Visita á RAG

Visita ao Museo do Pobo Galego e Panteón dos galegos ilustres.

Tamén se procurará facer unha visita cultural pola Coruña galeguista.

Contémplase tamén a posibilidade de facer o percorrido polo cemiterio de Santo Amaro.

Visita a unha ecogranxa da zona.

Outras exposición ou visitas que xurdan ao longo do curso das que de momento non temos noticia.

Membros do EDLG

Profesorado:

Departamento de Lingua Galega e Literatura: Lidia Gómez, Carme Parada, Patricia Fuciños, Patricia Estraviz, Vítor Torreiro e Alberto Barreiro.

Departamento de Física e Química: Isabel Ferraces.

Departamento de Xeografía e Historia: Sergio Vázquez

Departamento de Inglés: Olga Varela.

Departamento de Economía: José Carlos Morgade.

Departamento de Música: Beatriz Alonso Pérez-Ávila

Departamento de Matemáticas: Verónica Pérez Rouco

Departamento de Lingua Castelá: Patricia Varela

Departamento de Latín e Grego: Susana Vicente

Persoal non docente: Anabel Bermúdez

Representante da ANPA: Patricia Varela

Alumnado: Os integrantes son os seguintes sen prexuízo de que se incorporen máis ao longo do curso.

Bacharelato: MB, PV, RC, NG, IB.

ESO : IB, MB, AC, AL, AM, LM, EM;, LV, MC, AG, OL, DL, AM, AR.

DOCUMENTO 9: PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O PFPP do noso centro deséñase en torno a cinco liñas de actuación moi importantes para o noso instituto: os programas de convivencia e o desenvolvemento dos proxectos internacionais, a potenciación da biblioteca escolar, o traballo no Plan Dixital do centro e o desenvolvemento de proxectos de centro para conmemorar a creación do instituto.

Nos últimos cursos lectivos o IES Afonso X O Sabio ven facendo un grupo de traballo, ao que se sumaron numerosos cursos de formación e participación en xornadas, que, ademais de proporcionar formación ao profesorado, serviron para establecer medidas de actuación concretas, compoñer un equipo de convivencia e para extraer anualmente diversos datos sobre a convivencia. Ademais, este ano desenvolverase o programa Educación Responsable para o cal é preceptiva a creación dun seminario adicado a esta temática e a realización dun curso de formación no centro.

Este curso escolar conmemoramos o XXV aniversario da creación do instituto, o que nos leva a, de forma colaborativa, amosar á comunidade educativa, o traballo desenvolvido durante este tempo e as propostas actuais e de futuro.

No relativo ao desenvolvemento de proxectos internacionais no noso centro educativo, dende hai trece anos, o noso IES ven desenvolvendo distintos programas Comenius Multilaterais enfocados a alumnado de 4º ESO, 1º e 2º de bacharelato e Formación Profesional, cun éxito de participación indubidable, tanto entre o alumnado coma no profesorado.

A Biblioteca debe potenciarse como un lugar fundamental para a actividade escolar; contamos cun equipo de biblioteca renovado e amplo que necesita unha formación adecuada para implementar este cometido. Por outra banda, neste curso escolar desenvolverase un grupo de teatro escolar que se verá complementado coa creación dun grupo de traballo.

Para o desenvolvemento do Plan Dixital conformaremos un grupo de traballo que tamén se encargará da realización de tarefas de mantemento, orientación e guía do profesorado no relativo ás TIC; ademais, este ano comezaremos co proxecto de Polos creativos.

Estas constatacións lévannos a deseñar un plan de formación do profesorado acorde coas necesidades detectadas e anteriormente expostas.

Plan de Formación do profesorado do IES Afonso X O Sabio:

Liñas:

- Programas europeos e internaionais: accións e plans de promoción e desenvolvemento.
- Convivencia escolar e clima da aula. Prácticas restaurativas
- Educación Responsable.
- A biblioteca escolar como espazo de inclusión.
- Plan Dixital de Centro. Polos creativos.
- Apertura da innovación docente á comunidade educativa.

Responsables do Plan de Formación:

- Directora: María Belén Vidal Marcote.
- Coordinadora do PFPP: Beatriz Alonso Pérez-Ávila.
- Coordinadora itinerario Convivencia Escolar e Polos creativos: José Antonio Valiña Alonso.
- Coordinadora itinerario Programas Europeos: Patricia Varela Santoandré.
- Coordinadora itinerario Biblioteca Escolar: Iria Collantes Lamas.
- Coordinadora itinerario Plan Dixital: Lara López Pena.
- Coordinador innovación docente XXV Aniversario: Beatriz Brea Mato.

Actividades formativas propostas para o curso 2023-24:

- ✓ A biblioteca, un lugar para todo.
- ✓ Apertura da innovación do centro á comunidade educativa.
- ✓ As prácticas restaurativas e outras modalidades de xestión dos conflitos.
- ✓ Os programas internacionais no IES Afonso X O Sabio.
- ✓ Crecemento socioemocional co programa Educación Responsable.
- ✓ O desenvolvemento social.
- ✓ As TIC No IES Afonso X O Sabio.
- ✓ Polos creativos no centro.

1.- INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, de 3, de maio, de educación, na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, establece no seu artigo 124,5 que as administracións educativas regularán os requisitos e funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos.

A Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fonte á violencia, no seu artigo 35,1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade deben ter unha coordinadora ou coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro. O artigo 35,2 desta lei sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou coordinador de benestar.

A Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora do benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia establece no seu artigo 4 o Plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia.

Este Plan de traballo incluírase no Plan de convivencia do centro e concretarase anualmente na programación xeral anual.

2.- ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso centro " IES Afonso X O Sabio" , está situado no Concello de Cambre, municipio da provincia de A Coruña.

Contamos coas etapas educativas da ESO; Bacharelato nas modalidades Xeral, Humanidades e Ciencias Sociais, Científico-Técnico; e Formación Profesional (ciclo básico “Informática de oficina”; ciclo medio “Xestión Administrativa” e ciclo superior “Administración e Finanzas”).

Tal e como establece a Orde de 23 de agosto de 2023, é preciso que a coordinadora ou coordinador de benestar do centro se coordine co equipo directivo, co departamento de orientación e coa asociación de nais e pais.

O centro ten elaborado un Plan Estratégico de Mellora (PEM) referido aos cursos 2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024. Neste documento detéctanse as necesidades asistenciais, escolares e socioeducativas, entre outras, do noso alumnado e en base ás mesmas establécese o DAFO e actuacións necesarias para dar resposta ás anteriores necesidades. En base a isto, conclúese que son necesarias levar a cabo actuacións:

- Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias, co obxectivo de reducir o absentismo escolar e mellorar as fases do proceso de aprendizaxe.
- Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe, co obxectivo de conseguir e manter un bo clima no centro educativo.

3.- OBXECTIVOS

Tendo en conta as funcións da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia que establece a Orde de 23 de agosto de 2023 no seu artigo 3, e as características e necesidades do centro tamén detectadas no Plan Estratéxico de Mellora, os obxectivos que se plantexan e os indicadores dos mesmos son os seguintes:

OBXECTIVOS	INDICADORES
Colaborar na dinamización do Plan de convivencia xunto coa comisión de convivencia do centro	Participación nas reunións semanais da comisión de convivencia do centro
Colaborar na incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo e a alimentación saludable e nutritiva	Traslado aos titores e titoras de programas, actividades, etc relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo e alimentación saludable e nutritiva.
- Coñecer e dar a coñecer os protocolos de prevención e protección de violencia existentes na comunidade.	Actividades realizadas en titorías relacionadas coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo e alimentación saludable e nutritiva. Participación en reunións periódicas cos Servizos Sociais do concello para coñecer protocolos de prevención e protección de violencia existentes no concello
- Coordinar, en colaboración co departamento de orientación, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes.	Traslado de información ao profesorado dos protocolos existentes e das actuacións necesarias cando se detecten casos de violencia no centro, entre o alumnado ou cara o alumnado. Traslado de información aos servizos sociais competentes nos casos que requiran a súa intervención
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia.	Participación no Plan de Alumnado axudante e mediador do centro que desenvolve o departamento de orientación.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de	Alumnado implicado no Plan de alumnado axudante e mediador do centro

dificultades de convivencia e relación.
Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas.

Actividades desenvoltas, en coordinación co departamento de orientación, dirixidas ás familias do alumnado en temas que poidan ser do seu interese relacionados coa convivencia e o benestar.

4.- PROCEDEMENTO DE SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Cada curso realizarase unha concreción deste Plan que se incorporará á programación xeral anual.

As necesidades relacionadas co benestar e convivencia do centro detectaranse principalmente:

- Nas reunións da comisión de convivencia.
- Nas reunións cos titores.
- Nas reunións co departamento de orientación.

Terase en conta as necesidades detectadas ao longo do curso e os indicadores de consecución dos obxectivos para incorporalas á concreción anual e, se fose preciso, modificar este plan.

5. CONCRECIÓN DO PLAN DE TRABALLO DE BENESTAR E CONVIVENCIA PARA O CURSO 2023/24

Tendo en conta o Plan de traballo de benestar e convivencia do centro e seguindo as instrucións da Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, establécese a través deste documento a concreción anual de devandito plan de traballo para a súa incorporación na programación xeral anual.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES
Colaborar na dinamización do Plan de convivencia xunto coa comisión de convivencia do centro	Formar parte da comisión de convivencia do centro.	Unha vez á semana ao longo do curso	Participación nas reunións da comisión de convivencia
Colaborar na incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación, as dinámicas de grupo	Incorpóranse programas ao PAT para traballar nas sesións de tutoría correspondente e organízanse obradoiros en colaboración do departamento de orientación e de diversas entidades sociais:		
	1º ESO		
	- Prevención da violencia de xénero	1º trimestre	- Actividades propostas desenvoltas polos tutores e titoras nas sesións de tutoría e polas entidades sociais
	- Técnicas de estudo	2º trimestre	- Interese do alumnado nas actividades propostas.
	- Habilidades sociais	3º trimestre	- Implicación dos tutores e titoras nas actividades propostas.
	- Educación emocional		

2ºESO

- Prevención violencia de xénero 1º trimestre
- Habiliades sociais
- Habilidades sociais 2º trimestre
- Charla Saúde Mental (APEM) 3º trimestre
- Educación emocional

3ºESO

- Prevención violencia de xénero
- Dinámicas grupais 1º trimestre
- Educación emocional
- Obradoiro sobre Educación Afectivo-Sexual (Quérote+) 2º trimestre
- Educación emocional 3º trimestre

4ºESO

- Prevención violencia de xénero 1º trimestre
- O autocoñecemento
- Os valores humanos
- Charla enfermidades de transmisión sexual (Proxecto Risco Cero) 2º trimestre
- Os valores humanos 3º trimestre

1ºFPB	
- Prevención violencia de xénero	1º trimestre
- Dinámicas grupais	
- Obradoiro sobre Educación Afectivo-Sexual (Quérote+)	
- Charla enfermidades de transmisión sexual (Proxecto Risco Cero)	2º trimestre
- Charla Saúde Mental (APEM)	
- Educación emocional	3º trimestre
2ºFPB:	
- Prevención violencia de xénero	1º trimestre
- Dinámicas grupais	
- Obradoiro sobre Educación Afectivo-Sexual (Quérote+)	
- Charla enfermidades de transmisión sexual (Proxecto Risco Cero)	2º trimestre
- Charla Saúde Mental (APEM)	
- Educación emocional	3º trimestre

- Coñecer e dar a coñecer os protocolos de prevención e protección de violencia existentes na comunidade.
- Coordinar, en colaboración co

- Reunións con Servizos Sociais do concello de Cambre. Trimestral

-Traslado ás autoridades competentes dos
Ao longo do curso cando sexa preciso

Participación nas reunións establecidas

Traslado da información pertinente ás autoridades competentes.

departamento de orientación, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes. casos de violencia ou desprotección cara os menores do noso centro detectados, en colaboración co departamento de orientación.

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia. - Participación, xunto co departamento de orientación, no desenvolvemento do programa de alumnado axudante e mediador:

- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e relación.

- Formación do alumnado axudante entre o alumnado de 1º e 2º ESO.
 - Formación do alumnado mediador entre o alumnado de 3º e 4º de ESO.
 -Seguemento e coordinación das actuacións do alumnado axudante e mediador.

Ao longo do curso escolar

- Alumnado implicado no programa.
 - Actuacións e casos de mediación levados a cabo polo alumnado axudante e mediador

Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas.

- Charla para familias relacionadas co uso das nntt e as redes sociais.
 - Charla para familias relacionadas coa educación afectivo-sexual

1º trimestre

2º trimestre

- Familias asistentes e interesadas nas charlas.